


# TEMA 10: OS ESPAZOS DA ACTIVIDADE PESQUEIRA

## Selectividade: Exercicio práctico:

- Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros).



- A **pesca** é unha actividade económica que forma parte do *sector primario*, está destinada a obter produtos do mar. Proporciona alimentos e materias primas para a industria: conservas, conxelados, aceites, fariñas de pescado, fertilizantes....



España é unha potencia pesqueira de segundo nivel no mundo, pero é a máis importante da Unión Europea (30% da poboación pesqueira comunitaria) e a segunda do continente tras Noruega. A actividade pesqueira foi perdendo peso na economía española, tiña en 2014 unha frota cercana aos 9300 buques (13.300 en 2006), onde traballan pouco máis de 33500 (53.000 en 2007), o que supón menos do 0,5% da ocupación e o 0,1% do PIB.

A pesar deses datos, segue tendo grande importancia nalgunhas Comunidades como Galicia, e na dieta alimentaria, na que é moi alto o consumo de peixe, (preto de 27 kg por persoa e ano), moi por riba da media europea e só inferior á do Xapón, Noruega e Portugal.




## A.-OS CONDICIONANTES NATURAIS

● A actividade pesqueira practícase en **caladoiros**, que son as zonas máis propicias, pola súa riqueza en bancos de peixe, para calar ou mergullar as artes de pesca.

### A potencia e calidade dos diversos caladoiros dependen dunha chea de condicións da auga:

- temperatura da auga: a  $>$  temp.,  $<$  osíxeno, polo tanto menos vida.
- a transparencia das augas: a  $>$  nivel de turbidez,  $<$  visión dos peixes, que son máis facilmente capturados.
- a salinidade: o exceso ou defecto de sal dificulta a vida dos peixes.
- as cadeas de nutrición:  $<$  ou  $>$  presenza de plancton.
- as condicións do litoral e o relevo mariño: na plataforma continental, é dicir, en augas que non superan os 200 m de profundidade, se realizan a maior parte das capturas. En España esa plataforma é reducida.



- A **plataforma continental** é a superficie do fondo mariño cercano á costa, comprendido entre o litoral e as profundidades que non son maiores de 200 metros. Nela abunda a vida animal e vexetal polo que é de gran importancia económica.

As augas atlánticas son máis verdosas que as mediterráneas, teñen unha salinidade do 35 ‰, a temperatura media de agosto, en superficie, oscila entre os 18° e os 10° e en xaneiro entre os 11° e os 15°; a oscilación media das mareas é de 4 metros de altura, que pode deixar unha zona de varios centenares de metros, interesante para a explotación de moluscos. A plataforma continental esténdese uns 60 Km no litoral cantábrico e 40 Km fronte ás rías galegas. O fitoplancton é de 100 g por metro<sup>3</sup> e año.

As augas mediterráneas son máis transparentes, a salinidade ascende ata o 38‰, a temperatura media da auga, en superficie, é en xaneiro de 14° e en agosto de 25°, as mareas só alcanzan os 40 cm, a plataforma é menos extensa, o fitoplancton é duns 50 g por metro<sup>3</sup> e ano.



É dicir, **reúnen mellores condicións as augas atlánticas, por iso a súa produtividade é bastante maior;** exemplo: a produtividade nas rías galegas supera en 15 veces á do litoral de Castellón, un dos máis ricos do Mediterráneo.




## B.-O ESPAZO PESQUEIRO

- O espazo pesqueiro español, ou ***Caladoiro Nacional***, esténdese desde a costa ata as 200 millas náuticas, que delimitan a ***Zona Económica Exclusiva de Pesca (ZEE)***. Atópase organizado en oito rexións, nas que a frota artesanal captura distintas especies de peixes, crustáceos ou cefalópodos, segundo a época do ano : noroeste, cantábrica, tramontana, levantina, surmediterránea, suratlántica, balear e canaria.



*Barco entrando no porto de Avilés con merluza do “pincho”*





- Zonas Económicas Exclusivas de Pesca (ZEE):** Norma segundo a que se estende a soberanía e a xurisdición exclusiva do solo e do subsolo mariño a 200 millas das costas dun país (370,4 Km), excluindo aos demais de poder pescar libremente ou explotar os recursos do subsolo mariño. (Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, 1982).







La **Región Noroeste** incluye todas las costas gallegas. Es la región más importante, tanto por el volumen de la pesca desembarcada como por su valor. El puerto de Vigo (El Berbés) es el primero de España y donde tiene la base una buena parte de la flota congeladora y bacaladera. A su alrededor se sitúan los principales astilleros de buques de pesca, una buena parte de la industria conservera y muchas empresas pesqueras y distribuidoras.

La **Región Cantábrica** se extiende desde el río Eo al Bidasoa, y es la segunda en tonelaje de pesca desembarcada. Los puertos de Pasaia, Ondarroa, Bermeo, Donostia-San Sebastián y Gijón sirven de bases a muchos barcos que faenan en aguas comunitarias.

La **Región Mediterránea** tiene puertos pesqueros poco activos. En general son pobres en pesca, hasta el punto de que les es necesario importar pescado, principalmente durante la época turística.

La **Región Canaria** cuenta con el importante puerto de las Palmas y con el de Arrecife. Sus barcos practican la pesca de altura y de gran altura en las costas africanas, pero cada vez encuentran más problemas, especialmente en el banco sahariano.

La **Región Suratlántica** se extiende de Ayamonte a la Línea de la Concepción, y comprende los puertos de Cádiz, Huelva y Algeciras, donde se desembarcan especies de gran valor económico, como cigalas, langostinos o gambas, a menudo procedentes de las costas africanas.



**REGIONES PESQUERAS**

- Noroeste
- Cantábrica
- Suratlántica
- Canaria
- Mediterránea
- principales puertos pesqueros





Fuente: MAPYA (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)



A **rexión noroeste** conserva a súa primacía pesqueira en España, pois aporta un terzo das capturas e casi a metade do emprego pesqueiro. Seguiu unha evolución paralela á do resto de España, cunha redución notable da pesca desembarcada e numerosos conflitos. Participa, xunto coa frota cantábrica, da pesca en augas adxacentes (sardiña, pescada), nos caladoiros comunitarios do Atlántico (atún, pez espada) e en augas moi alonxadas (fletán, bacallau, atún), pois dispón dunha excelente frota conxeladora. Tamén é importante a acuicultura centrada no mexillón e outros crustáceos.



A **rexión canaria** tivo a súa idade de ouro entre os anos 1961 y 1980. A súa significación pesqueira radicou na explotación do banco sahariano, moi favorecido pola corrente de Canarias. O cambio de coxuntura no mar privoulle dos caladoiros tradicionais e convertiu os seus portos en base de operacións das frots do Atlántico suroriental.





No **litoral mediterráneo**, no que a pesca de especies como o lirio ou o salmonete foi moi importante, se ten chegado a uns niveis mínimos de capturas polo esgotamento das pesquerías. A frota está obsoleta, predominando a pesca de baixura e o Mediterráneo preséntase como un mar preocupante polo estado de conservación dos seus recursos.

A **rexión suratlántica**, coincide co litoral atlántico andaluz (Cádiz e Huelva). Posúe a segunda frota máis numerosa despois da rexión noroeste. Caracterízase pola importancia da súa pesca de baixura, de carácter artesanal. Péscase no litoral, en augas de Marrocos, de Portugal e en caladoiros do Atlántico suroriental. En conxunto, experimentou unha traxectoria descendente pola diminución das capturas nun mar sobreexplotado e pola dificultade do acceso a augas alleas, sobre todo a raíz de que España non renovara os acordos pesqueiros con Marrocos, xa que parte da súa frota faenaba no banco subsahariano, obtendo especies de alta cotización económica (gambas, langostinos, calamar). Aquí tamén cobrou unha gran importancia a acuicultura.

- A frota pesqueira española faena en caladoiros comunitarios, pertencentes a outros países da Unión Europea, e en caladoiros internacionais. Deles, o máis importante é o do Atlántico, seguido, con menor importancia no volume de capturas, polos caladoiros dos Océanos Índico e Pacífico.





Os principais caladoiros para a frota española están no Atlántico norte, tanto en augas comunitarias (Gran Sol, Irlanda, Escocia e golfo de Biscaia) coma nas proximidades da península da Terra Nova, en Canadá (bacallau e fletán). Pero tamén faena nas proximidades do Sáhara occidental, Mauritania e Senegal, estendéndose cara ao Atlántico suroriental (Angola, Namibia, etc.). Nas augas de corrente fría que discorre polas costas orientais de Canarias, o chamado Banco Sahariano, os barcos españois teñen frecuentes conflitos con países africanos limítrofes, polo que se precisa chegar a acordos.



Estas dificultades e a crecente competencia doutras frots, obrigou nos últimos anos a que certos buques conxeladores operen agora incluso no océano Índico (Mozambique, Somalia, illas Seicheles), aumentando os custos e riscos do seu traballo, así como en augas do Atlántico de América Latina.







**PRINCIPALES CALADEROS DE LA FLOTA PESQUERA ESPAÑOLA**

 Principales zonas de pesca  
 Zonas de pesca de la flota española

ZONAS	ESPECIES	ZONAS	ESPECIES
1	Cefalópodos y merluza	9	Pez espada y atún
2, 3, 4	Pletán	10	Pez espada y atún
5	Bacalao y anchoa	11	Marisco y merluza
6	Pez espada	12	Pez espada
7	Merluza	13	Cefalópodos
8	Marisco	14, 15, 16	Atún y merluza